



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O DÍA 31 DE AGOSTO DE 2022.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D. José Simoes Couceiro

D^a Raquel Caruncho Corral

D^a Yolanda Vázquez Busto

D. Daniel Ríos Fernández

D. Joshua Dopico López

D^a Ángela Piñeiro Carrera

D^a. Manuela García Fachal

D^a Alejandra Bellón Tenreiro

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro

D. Luis Angel Díaz González.

D. Luis Pena Mosquera

D^a Rocío Souto Torre

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as nove horas e corenta e catro minutos do día trinta e un de agosto de dous mil vinte e dous, xúntanse, en sesión extraordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria accidental e a Interventora Municipal.

A Secretaria accidental:

D^a Eva Guerrero Rico

A Interventora municipal

D^a. Lucía Varela Martínez

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS NO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O 2023

A Secretaria accidental da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudio, Informe e Consulta de asuntos xerais do Pleno do día 26 de agosto de 2022, que se transcribe a continuación:

"DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: EXTRAORDINARIA DE DATA VENRES 26 DE AGOSTO DE 2022





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

EXPDTE: 2022/G012/000016

1.- DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS NO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O 2023

A Secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía en funcións, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS NO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O 2023

Expediente TEdC: 2022/X999/000234

Logo de ver o escrito da Consellaría de Emprego e Igualdade, documento con rexistro de entrada nº 20229000000825 de 29/07/2022 , cuxo contido se transcribe, en estrato:

“...//...Co obxecto de determinar os dous días de cada ano natural que nese concello teñen carácter de festas locais por tradición propia, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos traballadores e o 46 do Real decreto 2001/1983, de 28 de xullo, e ditar a correspondente resolución, solicítolle que envíe a proposta do pleno ou do órgano competente, na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable dese termo municipal para o vindeiro ano 2023, que deberá remitir a este departamento territorial antes do día 1 de setembro...//...”

Á vista da necesidade da determinación por acordo plenario das datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable deste termo municipal para o ano 2023, co obxecto da elaboración do calendario laboral.

Se ben tradicionalmente, as datas escollidas neste municipio son os días 8 e 10 de setembro, coincidindo coa celebración das “Festas das Peras”, e tendo en conta que o 10 de setembro cadra en domingo.

Esta Alcaldía somete á Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO** para o seu **DITAME**:

PRIMEIRO.- Determinar como festas locais para o 2023 as seguintes datas:

- Venres 8 de setembro (Festas das Peras)
- Venres 29 de setembro (San Miguel de Breamo)

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellaría de Emprego e Igualdade, ao departamento de persoal municipal e á representación sindical do Concello, aos efectos oportunos.

No entanto, o pleno adoptará o acordo que estime oportuno”

A Presidencia a abre a quenda para o debate.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Non habendo intervencións, sométese a votación a proposta, quedando DITAMINADA FAVORABLEMENTE en todos os seus termos a proposta transcrita, por UNANIMIDADE das concelleiras e concelleiros presentes.”

A Presidencia, abre a quenda para o debate.

Sen intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Determinar como festas locais para o 2023 as seguintes datas:

- Venres 8 de setembro (Festas das Peras)
- Venres 29 de setembro (San Miguel de Breamo)

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellaría de Emprego e Igualdade, ao departamento de persoal municipal e á representación sindical do Concello, aos efectos oportunos.

2.- PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 2/2022” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

A Secretaria accidental da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudio, Informe e Consulta de asuntos xerais do Pleno do día 26 de agosto de 2022, que se transcribe a continuación:

“DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: EXTRAORDINARIA DE DATA VENRES 26 DE AGOSTO DE 2022

EXPDTE: 2022/G012/000016

2.- PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 2022” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

A Secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 2/2022” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Expediente: 2021/A003/000039





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Logo de ver a circular da Deputación Provincial da Coruña de 21/04/2022 pola que se comunica ao Concello de Ponte deume a cantidade que lle corresponde ao Concello de Ponte deume no POS + ADICIONAL 2/2022 polo reparto da maior achega provincial é de :

CONCELLO	POS+ Adicional 2/2022 por maior achega provincial (€)
Ponte deume	332.533,49

Tendo en conta a circular da Deputación da Coruña de data 28.06.2022, relativa á aprobación definitiva da "Modificación das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 para a regulación do POS+Adicional 2/2022" (BOP nº 102 de 31.05.2022).

Tendo en conta que os concellos poderán aplicar a achega provincial asignada dentro deste Plan para o financiamento dos tres seguintes obxectos previstos nestas Bases reguladoras modificadas do POS+ 2022, podendo optar por aplicalo libremente a un só deles, a dous deles ou aos tres:

Gastos correntes do concello devengados durante o exercicio 2022, segundo se definen na Base 2.1 e concordantes.

Investimentos financeiramente sostibles, segundo se definen no apartado específico da Base 2.2 e concordantes. O concello poderá solicitar a aplicación da achega provincial asignada neste POS+AD2/2022 ao financiamento de investimentos financeiramente sostibles dos xa aprobados polo concello no Plan Complementario ao POS+ 2022 (opción recomendada porque simplifica a tramitación), aínda que tamén pode solicitar outros novos investimentos financeiramente sostibles.

Revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais, de acordo co disposto na base 13 das reguladoras do Plan.

Logo de ver a providencia de alcaldía de 03.08.2022.

Tendo en conta o informe da intervención municipal 267/2022 de data 03.08.2022 (anexo IV das bases da convocatoria).

Esta Alcaldía propón para o seu ditame pola Comisión informativa a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+ ADICIONAL 2/2022**" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	332.533,49 €



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

devengados en 2022, concretamente para facturas de enerxía eléctrica	
--	--

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
TOTAL					

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
TOTAL					

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 e que se relacionan nesta táboa.

C) Financiamento da revisión excepcional de prezos:

Revisión excepcional de prezos	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais	

D) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL	Concello			Orzamento
	IVE Soportado	Total		



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	Deputación	Concello	deducible (só abastece m. auga potable)	concello	Total
2/2022					
Gastos correntes servizos obrigatorios	332.533,49 €				332.533,49 €
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022					
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022					
Revisión excepcional de prezos obras municipais					
TOTAL	332.533,49 €	0	0	0	332.533,49 €

SEGUNDO.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

TERCEIRO.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.

CUARTO.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

QUINTO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SEXTO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

SÉTIMO Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

No entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.”

A Presidencia a abre a quenda para o debate.:

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes.”

A Presidencia, abre a quenda para o debate.

Toma a palabra o don Daniel Ríos Fernández, concelleiro de Facenda, quen reitera o xa indicado na Comisión informativa: que o POS extraordinario vaise empregar a financiar gasto corrente, concretamente facturas de subministro eléctrico, xa que as administracións públicas ao igual que os fogares non están exentos das subidas dos prezos da electricidade. Indica que o Concello está facendo os deberes no que respecta a eficiencia enerxética, xa que se ven de rematar a execución da fase I das actuacións de mellora da eficiencia enerxética, cun proxecto cofinanciado polo IDAE, cunha subvención de máis de medio millón de euros. Anuncia que en outubro-novembro, comezarase a executar a segunda fase. Di que notar a redución na facturación co incremento dos prezos vai ser difícil e que a rebaixa no consumo non se verá ata o ano que ven. Conclúe a súa intervención dando as grazas á Deputación por permitir este reparto extraordinario para gasto corrente e anima á Xunta a que axude aos concellos para con esta problemática.

Concluídas as intervencións sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 2/2022**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados en 2022, concretamente para facturas de enerxía eléctrica	332.533,49 €

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
TOTAL					

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
TOTAL					

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 e que se relacionan nesta táboa.

C) Financiamento da revisión excepcional de prezos:

Revisión excepcional de prezos	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais	

D) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2022	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem	Total concello	



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

			. auga potable)		
Gastos correntes servizos obrigatorios	332.533,49 €				332.533,49 €
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022					
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022					
Revisión excepcional de prezos obras municipais					
TOTAL	332.533,49 €	0	0	0	332.533,49 €

SEGUNDO.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

TERCEIRO.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.

CUARTO.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

QUINTO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

SEXTO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

SÉTIMO Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

3.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 29, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL “CHALÉ ROSA”.

Tendo en conta que se trata dun asunto sen ditaminar pola respectiva Comisión Informativa, ao abeiro do disposto no artigo 82.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia somete a votación a ratificación da urxencia e a inclusión do asunto na orde do día da sesión, quedando **RATIFICADA** por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes a **URXENCIA** e a **INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA DA SESIÓN**.

De seguido, a secretaria accidental da lectura a proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 29, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL “CHALÉ ROSA”

Expdte. 2022/G006/000191

Expdte. 2022/G015/000004

Vista a Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia, engadiu un novo número 7 á Disposición adicional novena da citada Lei 13/2008, co fin de consolidar para o ano 2022, o obxectivo de interese público, por razóns de impulso demográfico e conciliación, e acadar a gratuidade de atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos, con efectos económicos a partir do comezo do curso escolar 2022-2023.

Logo de ver a ORDE do 22 de xullo de 2022 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 2022/23, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS420D). (DOG nº 147 de 3 de agosto).

Vista a providencia da alcaldía en funcións de incoación do procedemento de data 10/08/2022

Tendo en conta o informe do servizo de data 10/08/2022

A vista do informe da Tesourería municipal emitido o día 17/08/2022

Tendo en conta o informe da Secretaría da corporación sobre o procedemento aplicable e lexislación a seguir de data 19/08/2022

Tendo en conta a fiscalización desfavorable, da intervención municipal emitida a medio de informe da interventora de data 29/08/2022.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. – Aprobar, con carácter provisional, a seguinte modificación na Ordenanza fiscal 29 reguladora da taxa pola prestación do servizo da Escola infantil municipal Chalé Rosa do Concello de Ponte deume:

Modificación do número 4 do apartado segundo do artigo 6, sendo a súa redacción a seguinte:

Artigo 6.-Base impositiva e cota tributaria

6.2.4. Descontos.

“C) Bonificación do 100% da cota de atención educativa para os/as fillos/as da unidade familiar, a partir do comezo do curso escolar 2022/2023.

-Para os efectos da aplicación da bonificación do 100% é requisito a asistencia regular a escola durante un máximo de 8 e un mínimo de 3 horas diarias, segundo a modalidade de xornada que elixan (completa ou media xornada, respectivamente).

- A inasistencia á escola infantil durante un período de 15 días sen xustificar, dará lugar á perda da bonificación e polo tanto da gratuidade da atención educativa do neno/a usuario/a.

SEGUNDO. - Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, concedendo un prazo de trinta días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación do mesmo para información pública, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO. - En caso de que non se presenten reclamacións, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do mesmo texto legal, durante o período de exposición pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

CUARTO. - O acordo definitivo de modificación da Ordenanza fiscal e o texto íntegro refundido que se transcribe como ANEXO, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no portal de transparencia e na páxina web do Concello.

No entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Documento asinado dixitalmente por Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde-presidente, en Ponte deume, á data da sinatura dixital

ANEXO TEXTO REFUNDIDO

“ORDENANZA FISCAL N.º 29, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL “CHALÉ ROSA”

Artigo 1.–Fundamento legal.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19, en relación co artigo 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o Concello de Ponte deume establece a taxa pola prestación do servizo da escola infantil municipal "Chalé Rosa", que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2.–Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo da escola infantil municipal.

Artigo 3.–Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas que resulten beneficiadas ou afectadas pola actividade administrativa ou servizo que constitúe o feito imponible desta taxa.

Tendo en conta que os usuarios do servizo gravado por esta taxa son menores de idade que non teñen capacidade de obrar, actuarán no seu nome, cos efectos previstos na Lei xeral tributaria, os seus pais, titores, ou calquera outro representante legal

Artigo 4.–Responsables.

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas que son causantes ou colaboran na realización dunha infracción tributaria

Artigo 5.–Estimación das rendas, tarifas, descontos e exencións.

Este baremo reproduce/adáptase ás contías establecidas no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta consellería (DOG n.º 17, do 25/01/2012), publicado pola Consellería de Traballo e Benestar, na súa redacción dada polo Decreto 91/2014, do 17 de xullo (DOG n.º 140-24/07/2014), os cales actualizaranse cada curso escolar na mesma proporción que a variación interanual positiva experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para a Comunidade Autónoma de Galicia (IPC) no mes de xaneiro anterior ao do curso escolar en que se pretenda que produza efectos, mediante resolución, que se publicará no Diario Oficial de Galicia, do órgano de dirección competente en materia de familia e infancia.

Artigo 6.–Base imponible e cota tributaria.

6.1. A base imponible virá determinada pola renda per cápita mensual da unidade familiar, que se computará segundo as seguintes regras:

a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:

I. Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais, vivan independentes detes/as.

II. Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

III. Os/as fillos /as maiores de dezaioito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no 31 de decembro do ano a que se refiran os datos económicos a que se refiren as seguintes regras.

b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar, no cal se pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

6.2. A cota tributaria calcularase coas seguintes tarifas máximas:

6.2.1. Prezo da atención educativa.

O prezo pola atención educativa en xornada completa fíxase en 169.26 €

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente sobre este prezo aplíaranse as reducións que se especifican no apartado 6.2.3.

Os ratios por horario reducido obtéñense con aplicacións porcentuais.

Todos/as os/as alumnos/as que teñan concedida unha praza na escola infantil deberán aboar unha matrícula anual dentro dos 10 días hábiles seguintes á publicación da relación definitiva de admitidos/as e da listaxe de espera no taboleiro do Concello e da Escola infantil municipal.

O importe da matrícula variará en función da renda per cápita mensual da unidade familiar; segundo se recolle no cadro resumo de cotas que figura no anexo I. Este prezo será de 60 €/ano nos primeiros seis tramos da táboa (inferior ao 150% do IPREM) e de 90 €/ano nos dous últimos (igual ou superior ao 150% IPREM).

Ninguén estará exento do pagamento da matrícula.

6.2.2. Prezo por servizos complementarios.

a) Servizo de comedor.

O prezo por este servizo fíxase en 74.05 € mensuais.

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplícaranse as reducións que se especifican no apartado 6.2.3.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

No caso de nenas/nenos que non utilicen habitualmente o servizo de comedor e que, excepcionalmente, desexen utilizalo algún día solto, o prezo será de 4.23 €.

O prezo do comedor por días soltos non estará suxeito a ningunha redución.

No caso de utilizar o servizo de comedor por días soltos, realizarase o pago deste servizo coa cota do mes seguinte.

b) Horario ampliado.

Con carácter excepcional os/as usuarios/as poderán ampliar a súa xornada de atención educativa mediante a solicitude de horas extraordinarias, sempre que acrediten a súa necesidade.

O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario da atención educativa adxudicado á usuaria ou usuario será de 21.16 €.

O prezo da hora extraordinaria non estará suxeito a ningunha redución.

6.2.3. Aplicación dos prezos mensuais segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar:

a) Renditas inferiores ao 30 por cento do IPREM:

Prezo da praza con servizo de comedor: 0 €; sen servizo de comedor: 0 €.

b) Renditas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM:

Prezo da praza con servizo de comedor: 17.45 €; sen servizo de comedor: 0 €.

c) Renditas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM:

Prezo da praza con servizo de comedor: 52.36 €; sen servizo de comedor: 34.91 €.

d) Renditas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM:

Prezo da praza con servizo de comedor: 96.26 €; sen servizo de comedor: 69.81 €.

e) Renditas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM:

Prezo da praza con servizo de comedor: 149.15 €; sen servizo de comedor: 112.13 €.

f) Renditas comprendidas entre o 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM:

Prezo da praza con servizo de comedor: 186.18 €; sen servizo de comedor: 133.29 €.

g) Renditas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM:

Prezo da praza con servizo de comedor: 210.52 €; sen servizo de comedor: 147.05 €.

h) Renditas superiores ao 200 por cento do IPREM:

Prezo da praza con servizo de comedor: 243.31 €; sen servizo de comedor: 169.26 €.

6.2.4. Descontos.

A) Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no apartado anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre sí:

a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 por cento.

b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20 por cento.

c) Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20 por cento.

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data da devindicación da declaración do IRPF.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

B) Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50 por cento.

C) Bonificación do 100% da cota de atención educativa para os/as fillos/as da unidade familiar, a partir do comezo do curso escolar 2022/2023.

-Para os efectos da aplicación da bonificación do 100% é requisito a asistencia regular a escola durante un máximo de 8 e un mínimo de 3 horas diarias, segundo a modalidade de xornada que elixan (completa ou media xornada, respectivamente).

- A inasistencia á escola infantil durante un período de 15 días sen xustificar, dará lugar á perda da bonificación e polo tanto da gratuidade da atención educativa do neno/a usuario/a.

6.2.5. Exencións de pagamento.

A) As familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 7.500 € anuais gozarán da exención total da cota a partir da segunda filla ou fillo que acuda á mesma escola infantil.

B) As familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda gozarán, así mesmo, da exención total da cota.

6.2.6. Suspensión temporal da cota.

Os suxeitos obrigados aos que fai referencia o artigo 3 non terán a obriga de aboar a cota correspondente á atención educativa e ao servizo de comedor durante os seguintes períodos:

A) Durante o mes de vacacións da/do nena/neno

B) Cando o centro permaneza pechado por un período superior a quince días naturais. Nestes dous casos, a suspensión realizarase de oficio.

C) Falta temporal de asistencia á escola infantil por motivos de saúde debidamente xustificadas durante un período superior a 45 días continuados: deberá solicitarse expresamente e acreditar documentalmente as circunstancias que a motivan.

Artigo 7.–Retribución e período impositivo.

A taxa retribuirase cando se inicie a prestación do servizo. O período impositivo coincide co ano natural, rateado por meses

Artigo 8.–Liquidación, recadación e xestión.

8.1. A liquidación da cota tributaria practícarase por meses naturais e deberán aboala os interesados nos dez primeiros días de cada mes, na entidade ou entidades financeiras que indique o Concello ou, no seu caso, o concesionario do servizo. En calquera momento o suxeito pasivo terá a posibilidade de domicilia-los recibos.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

8.2. Non se aboará a tarifa que corresponda ó mes de vacacións do neno. Se por calquera motivo o centro permanecese pechado durante un número superior a quince días consecutivos, non se aboará a tarifa que corresponda a este período.

8.3. A non asistencia do usuario ó centro durante un período determinado non supón redución ningunha, nin extinción da tarifa, mentres non se formalice a baixa correspondente.

Con carácter excepcional, poderá eximirse do pagamento da cota da atención educativa e do comedor a aquelas/aqueles usuarias/os que por motivos de saúde non poidan asistir ao centro durante un período superior a 45 días continuados.

Cando, por causa debidamente xustificada, o neno/a deixe de asistir temporalmente ó centro, o suxeito obrigado estará exento de aboa-la cota mensual do comedor dende o primeiro día do segundo mes natural seguinte ó da data de ausencia ó centro. A suspensión da cota durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a reincorporación do neno/a ó centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ó día 15 do mes, a cota correspondente ó dito mes reducirase nun 50 por cento.

Estas mesmas condicións de duración da suspensión da cota do comedor e reincorporación, aplicaranse no caso especificado no parágrafo anterior a este con respecto á cota mensual pola atención educativa.

A solicitude de suspensión da cota, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o señor alcalde, que resolverá sobre a procedencia da suspensión.

Nos casos de suspensión temporal da cota, o pagamento correspondente ó mes de reincorporación realizarase no prazo de dez días seguintes ó da data de reincorporación. Así mesmo, nos casos en que se acorde a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado deberá ingresa-las cotas atrasadas no prazo de dez días seguintes ó da notificación da resolución denegatoria.

8.4. A falta de pago de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas, sen perxuízo da súa esixencia pola vía de apremio, orixinará a perda do dereito á praza.

8.5. Revisión da tarifa: durante o curso escolar poderase proceder á revisión da tarifa fixada inicialmente, sempre que se produzan e xustifiquen variacións nas circunstancias familiares. Neste senso, a persoa beneficiaria queda obrigada a comunicar calquera variación que se produza ao respecto, e dende a Administración poderase citalo en calquera momento para proceder á revisión da tarifa que ven aboando.

Artigo 9.–Infraccións e sancións.

En materia de infraccións e sancións estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

Disposición final

Esta ordenanza fiscal, unha vez aprobada polo pleno do Concello de Ponte deume, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.”



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ANEXO 1

CONTRIBUCIÓNS MENSUAIS POR HORAS DE USO, HORAS COMPLEMENTARIAS, MATRÍCULA ANUAL E COMEDOR

Renta per cápita/mes	Xornada completa (8 horas)	Xornada de mañá (6 horas)	Xornada de tarde (6 horas)	Xornada de tarde (4 horas)	Horario ampliado (por hora, sen reducións)	Matrícula/ano	Comedor (4.23 € día solto, sen reducións)
Inferior ao 30% do IPREM	0 euros	0 euros	0 euros	0 euros	21.16 euros	60 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	0 euros
Entre o 30% e inferior ao 50% do IPREM	0 euros	0 euros	0 euros	0 euros	21.16 euros	60 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	17.45 euros
Entre o 50% e inferior ao 75% do IPREM	34.91 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	26.18 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	26.18 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	17.45 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	21.16 euros	60 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	17.45 euros
Entre o 75% e inferior ao 100% do IPREM	69.81 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	52.35 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	52.35 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	34.90 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	21.16 euros	60 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	26.45 euros



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	C)		C)	C)			
Entre o 100% e inferior ao 125% do IPREM	112.13 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	84.09 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	84.09 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	56.06 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	21.16 euros	60 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	37.02 euros
Entre o 125% e inferior ao 150% do IPREM	133.29 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	99.96 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	99.96 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	66.64 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	21.16 euros	60 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	52.89 euros
Entre o 150% e inferior ao 200% do IPREM	147.05 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	110.28 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	110.28 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	73.52 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	21.16 euros	90 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	63.47 euros
Superiores ao 200% do IPREM	169.26 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	126.94 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	126.94 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	84.63 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	21.16 euros	90 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	74.05 euros

DESCONTOS DA COTA DOS	EXENCIÓNS DA COTA DOS	SUSPENSIÓNS TEMPORAIS DA COTA DOS	SERVIZOS
-----------------------	-----------------------	-----------------------------------	----------



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS (Non acumulables entre si)	SERVIZOS COMPLEMENTARIOS		COMPLEMENTARIOS	
			Situación	Período de suspensión
Familia numerosa	20%	Familias con renda per cápita igual ou inferior a 7500 € anuais (a partir da/do segunda/o filla/o) que acuda á mesma escola	Vacacións da nena/do neno	O mes de vacacións anual
Familia monoparental	20%	Familias acolledoras de menores en situación de garda ou tutela	Escola pechada por máis de 15 días naturais	Os días que a escola esté pechada despois dos 15 días.
Máis dunha/dun irmá/irmán na escola infantil (a partir da/do 2º/2º)	20%		Falta de máis de 45 días continuados por motivos de saúde : suspensión da cota de comedor	A partir do primeiro día do mes natural seguinte á data da ausencia. Duración da suspensión ata o primeiro día do mes natural no que teña lugar a reincorporación. Reincorporacións a partir do día 15 do mes, 50% da cota.
Ingreso despois do día 15 do mes	50% da cota		Falta de asistencia por outras causas debidamente xustificadas: suspensión da cota de comedor	A partir do primeiro día do mes natural seguinte á data da ausencia. Duración da suspensión ata o primeiro día do mes natural no que teña lugar a reincorporación. Reincorporacións a partir do día 15 do mes, 50% da cota.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra dona Raquel Caruncho Corral, Concelleira de servizos sociais quen xustifica a urxencia do asunto en que non deu tempo a convocar a Comisión de Facenda, tendo en conta a tramitación do expediente e ante o inicio do curso escolar; recorda que a orde da convocatoria da axuda por parte da Xunta publicouse o día 3 de agosto no DOG. Da conta da modificación da ordenanza proposta: modifícase o artigo 6.2.4 bonificacións do 100% da cota de atención educativa para fillos e fillas da unidade familiar a partir do comezo do curso escolar 2022-2023. Di que se trata dunha modificación de interese público, que beneficia a moitas familias e indica que será o persoal da empresa que leva a gardería a responsable de facer un informe mensual que verifique a asistencia do alumnado en cada ciclo.

Toma a palabra don Santiago José Rodríguez Piñeiro, portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular (PP) quen lamenta que Xunta non quitara antes esta convocatoria de subvención, para evitar os informes desfavorables. Indica que o voto do grupo Popular vai ser a favor.

Toma a palabra dona Rocío Souto Torre, concelleira do Bloque Nacionalista Galego (BNG) quen pregunta quen asume a bonificación.

O Sr. Alcalde-Presidente indica que a Xunta é quen asume a bonificación.

Concluídas as intervencións sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. – Aprobar, con carácter provisional, a seguinte modificación na Ordenanza fiscal 29 reguladora da taxa pola prestación do servizo da Escola infantil municipal Chalé Rosa do Concello de Ponte deume:

Modificación do número 4 do apartado segundo do artigo 6, sendo a súa redacción a seguinte:

Artigo 6.-Base imponible e cota tributaria

6.2.4. Descontos.

“C) Bonificación do 100% da cota de atención educativa para os/as fillos/as da unidade familiar, a partir do comezo do curso escolar 2022/2023.

-Para os efectos da aplicación da bonificación do 100% é requisito a asistencia regular a escola durante un máximo de 8 e un mínimo de 3 horas diarias, segundo a modalidade de xornada que elixan (completa ou media xornada, respectivamente).

- A inasistencia á escola infantil durante un período de 15 días sen xustificar, dará lugar á perda da bonificación e polo tanto da gratuidade da atención educativa do neno/a usuario/a.

SEGUNDO. - Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, concedendo un prazo de trinta días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación do mesmo para información pública, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TERCEIRO. - En caso de que non se presenten reclamacións, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do mesmo texto legal, durante o período de exposición pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

CUARTO. - O acordo definitivo de modificación da Ordenanza fiscal e o texto íntegro refundido que se transcribe como ANEXO, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no portal de transparencia e na páxina web do Concello.

ANEXO TEXTO REFUNDIDO

“ORDENANZA FISCAL N.º 29, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL “CHALÉ ROSA”

Artigo 1.–Fundamento legal.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19, en relación co artigo 20 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o Concello de Ponte deume establece a taxa pola prestación do servizo da escola infantil municipal “Chalé Rosa”, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2.–Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo da escola infantil municipal.

Artigo 3.–Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas que resulten beneficiadas ou afectadas pola actividade administrativa ou servizo que constitúe o feito imponible desta taxa.

Tendo en conta que os usuarios do servizo gravado por esta taxa son menores de idade que non teñen capacidade de obrar, actuarán no seu nome, cos efectos previstos na Lei xeral tributaria, os seus pais, titores, ou calquera outro representante legal

Artigo 4.–Responsables.

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas que son causantes ou colaboran na realización dunha infracción tributaria

Artigo 5.–Estimación das rendas, tarifas, descontos e exencións.

Este baremo reproduce/adáptase ás contías establecidas no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta consellería (DOG n.º 17, do 25/01/2012), publicado pola Consellería de Traballo e Benestar, na súa redacción dada polo Decreto 91/2014, do 17 de xullo (DOG n.º 140-24/07/2014), os cales actualizaranse cada curso escolar na mesma proporción que a variación interanual positiva experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para a Comunidade Autónoma de Galicia (IPC) no mes de xaneiro anterior ao do curso escolar en que se pretenda que produza efectos, mediante resolución, que se publicará no Diario Oficial de Galicia, do órgano de dirección competente en materia de familia e infancia.

Artigo 6.–Base imponible e cota tributaria.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

6.1. A base impositiva virá determinada pola renda per cápita mensual da unidade familiar, que se computará segundo as seguintes regras:

a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:

I. Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais, vivan independentes detes/as.

II. Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

III. Os/as fillos /as maiores de dezoito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no 31 de decembro do ano a que se refiran os datos económicos a que se refiren as seguintes regras.

b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar, no cal se pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base impositiva xeral coa base impositiva do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

6.2. A cota tributaria calcularase coas seguintes tarifas máximas:

6.2.1. Prezo da atención educativa.

O prezo pola atención educativa en xornada completa fíxase en 169.26 €

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente sobre este prezo aplíaranse as reducións que se especifican no apartado 6.2.3.

Os ratios por horario reducido obtéñense con aplicacións porcentuais.

Todos/as os/as alumnos/as que teñan concedida unha praza na escola infantil deberán aboar unha matrícula anual dentro dos 10 días hábiles seguintes á publicación da relación definitiva de admitidos/as e da listaxe de espera no taboleiro do Concello e da Escola infantil municipal.

O importe da matrícula variará en función da renda per cápita mensual da unidade familiar; segundo se recolle no cadro resumo de cotas que figura no anexo I. Este prezo será de 60 €/ano nos primeiros seis tramos da táboa (inferior ao 150% do IPREM) e de 90 €/ano nos dous últimos (igual ou superior ao 150% IPREM).

Ninguén estará exento do pagamento da matrícula.

6.2.2. Prezo por servizos complementarios.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

a) Servizo de comedor.

O prezo por este servizo fíxase en 74.05 € mensuais.

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no apartado 6.2.3.

No caso de nenas/nenos que non utilicen habitualmente o servizo de comedor e que, excepcionalmente, desexen utilizalo algún día solto, o prezo será de 4.23 €.

O prezo do comedor por días soltos non estará suxeito a ningunha redución.

No caso de utilizar o servizo de comedor por días soltos, realizarase o pago deste servizo coa cota do mes seguinte.

b) Horario ampliado.

Con carácter excepcional os/as usuarios/as poderán ampliar a súa xornada de atención educativa mediante a solicitude de horas extraordinarias, sempre que acrediten a súa necesidade.

O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario da atención educativa adxudicado á usuaria ou usuario será de 21.16 €.

O prezo da hora extraordinaria non estará suxeito a ningunha redución.

6.2.3. Aplicación dos prezos mensuais segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar:

a) Rendas inferiores ao 30 por cento do IPREM:

Prezo da praza con servizo de comedor: 0 €; sen servizo de comedor: 0 €.

b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM:

Prezo da praza con servizo de comedor: 17.45 €; sen servizo de comedor: 0 €.

c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM:

Prezo da praza con servizo de comedor: 52.36 €; sen servizo de comedor: 34.91 €.

d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM:

Prezo da praza con servizo de comedor: 96.26 €; sen servizo de comedor: 69.81 €.

e) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM:

Prezo da praza con servizo de comedor: 149.15 €; sen servizo de comedor: 112.13 €.

f) Rendas comprendidas entre o 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM:

Prezo da praza con servizo de comedor: 186.18 €; sen servizo de comedor: 133.29 €.

g) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM:

Prezo da praza con servizo de comedor: 210.52 €; sen servizo de comedor: 147.05 €.

h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM:

Prezo da praza con servizo de comedor: 243.31 €; sen servizo de comedor: 169.26 €.

6.2.4. Descontos.

A) Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no apartado anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre sí:

a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 por cento.

b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20 por cento.

c) Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20 por cento.

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data da devindicación da declaración do IRPF.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

B) Cando por circunstancias sobrevidas (solicitud fóra de prazo, traslado de residencia, etc.), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50 por cento.

C) Bonificación do 100% da cota de atención educativa para os/as fillos/as da unidade familiar, a partir do comezo do curso escolar 2022/2023.

-Para os efectos da aplicación da bonificación do 100% é requisito a asistencia regular a escola durante un máximo de 8 e un mínimo de 3 horas diarias, segundo a modalidade de xornada que elixan (completa ou media xornada, respectivamente).

- A inasistencia á escola infantil durante un período de 15 días sen xustificar, dará lugar á perda da bonificación e polo tanto da gratuidade da atención educativa do neno/a usuario/a.

6.2.5. Exencións de pagamento.

A) As familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 7.500 € anuais gozarán da exención total da cota a partir da segunda filla ou fillo que acuda á mesma escola infantil.

B) As familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda gozarán, así mesmo, da exención total da cota.

6.2.6. Suspensión temporal da cota.

Os suxeitos obrigados aos que fai referencia o artigo 3 non terán a obriga de aboar a cota correspondente á atención educativa e ao servizo de comedor durante os seguintes períodos:

A) Durante o mes de vacacións da/do nena/neno

B) Cando o centro permaneza pechado por un período superior a quince días naturais. Nestes dous casos, a suspensión realizarase de oficio.

C) Falta temporal de asistencia á escola infantil por motivos de saúde debidamente xustificadas durante un período superior a 45 días continuados: deberá solicitarse expresamente e acreditar documentalmente as circunstancias que a motivan.

Artigo 7.–Retribución e período impositivo.

A taxa retribuirase cando se inicie a prestación do servizo. O período impositivo coincide co ano natural, rateado por meses

Artigo 8.–Liquidación, recadación e xestión.

8.1. A liquidación da cota tributaria practícarase por meses naturais e deberán aboala os interesados nos dez primeiros días de cada mes, na entidade ou entidades financeiras que indique o Concello ou, no seu caso, o concesionario do servizo. En calquera momento o suxeito pasivo terá a posibilidade de domicilia-los recibos.

8.2. Non se aboará a tarifa que corresponda ó mes de vacacións do neno. Se por calquera motivo o centro permanecese pechado durante un número superior a quince días consecutivos, non se aboará a tarifa que corresponda a este período.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

8.3. A non asistencia do usuario ó centro durante un período determinado non supón redución ningunha, nin extinción da tarifa, mentres non se formalice a baixa correspondente.

Con carácter excepcional, poderá eximirse do pagamento da cota da atención educativa e do comedor a aquelas/aqueles usuarias/os que por motivos de saúde non poidan asistir ao centro durante un período superior a 45 días continuados.

Cando, por causa debidamente xustificada, o neno/a deixe de asistir temporalmente ó centro, o suxeito obrigado estará exento de aboa-la cota mensual do comedor dende o primeiro día do segundo mes natural seguinte ó da data de ausencia ó centro. A suspensión da cota durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a reincorporación do neno/a ó centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ó día 15 do mes, a cota correspondente ó dito mes reducirase nun 50 por cento.

Estas mesmas condicións de duración da suspensión da cota do comedor e reincorporación, aplicaranse no caso especificado no parágrafo anterior a este con respecto á cota mensual pola atención educativa.

A solicitude de suspensión da cota, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o señor alcalde, que resolverá sobre a procedencia da suspensión.

Nos casos de suspensión temporal da cota, o pagamento correspondente ó mes de reincorporación realizarase no prazo de dez días seguintes ó da data de reincorporación. Así mesmo, nos casos en que se acorde a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado deberá ingresa-las cotas atrasadas no prazo de dez días seguintes ó da notificación da resolución denegatoria.

8.4. A falta de pago de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas, sen perxuízo da súa esixencia pola vía de apremio, orixinará a perda do dereito á praza.

8.5. Revisión da tarifa: durante o curso escolar poderase proceder á revisión da tarifa fixada inicialmente, sempre que se produzan e xustifiquen variacións nas circunstancias familiares. Neste senso, a persoa beneficiaria queda obrigada a comunicar calquera variación que se produza ao respecto, e dende a Administración poderase citalo en calquera momento para proceder á revisión da tarifa que ven aboando.

Artigo 9.–Infraccións e sancións.

En materia de infraccións e sancións estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

Disposición final

Esta ordenanza fiscal, unha vez aprobada polo pleno do Concello de Ponte deume, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.”



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ANEXO 1

CONTRIBUCIÓNS MENSUAIS POR HORAS DE USO, HORAS COMPLEMENTARIAS, MATRÍCULA ANUAL E COMEDOR

Renta cápita/mes per	Xornada completa (8 horas)	Xornada de mañá (6 horas)	Xornada de tarde (6 horas)	Xornada de tarde (4 horas)	Horario ampliado (por hora, sen reducións)	Matrícula /ano	Comedor (4.23 € día solto, sen reducións)
Inferior ao 30% do IPREM	0 euros	0 euros	0 euros	0 euros	21.16 euros	60 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	0 euros
Entre o 30% e inferior ao 50% do IPREM	0 euros	0 euros	0 euros	0 euros	21.16 euros	60 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	17.45 euros
Entre o 50% e inferior ao 75% do IPREM	34.91 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	26.18 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	26.18 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	17.45 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	21.16 euros	60 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	17.45 euros
Entre o 75% e inferior ao 100% do IPREM	69.81 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	52.35 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	52.35 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	34.90 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	21.16 euros	60 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	26.45 euros



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	C)	C)					
Entre o 100% e inferior ao 125% do IPREM	112.13 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	84.09 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	84.09 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	56.06 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	21.16 euros	60 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	37.02 euros
Entre o 125% e inferior ao 150% do IPREM	133.29 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	99.96 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	99.96 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	66.64 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	21.16 euros	60 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	52.89 euros
Entre o 150% e inferior ao 200% do IPREM	147.05 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	110.28 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	110.28 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	73.52 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	21.16 euros	90 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	63.47 euros
Superiores ao 200% do IPREM	169.26 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	126.94 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	126.94 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	84.63 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	21.16 euros	90 euros (0,00 € con bonificación segundo artigo 6.2.4. C)	74.05 euros



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DESCONTOS DA COTA DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS (Non acumulables entre si)	EXENCIÓNS DA COTA DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS		SUSPENSIÓNS TEMPORAIS DA COTA DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	
			Situación	Período de suspensión
Familia numerosa	20%	Familias con renda per cápita igual ou inferior a 7500 € anuais (a partir da/do segunda/o filla/o) que acuda á mesma escola	Vacacións da nena/do neno	O mes de vacacións anual
Familia monoparental	20%	Familias acolledoras de menores en situación de garda ou tutela	Escola pechada por máis de 15 días naturais	Os días que a escola esté pechada despois dos 15 días.
Máis dunha/dun irmá/irmán na escola infantil (a partir da/do 2ª/2º)	20%		Falta de máis de 45 días continuados por motivos de saúde : suspensión da cota de comedor	A partir do primeiro día do mes natural seguinte á data da ausencia. Duración da suspensión ata o primeiro día do mes natural no que teña lugar a reincorporación. Reincorporacións a partir do día 15 do mes, 50% da cota.
Ingreso despois do día 15 do mes	50% da cota		Falta de asistencia por outras causas debidamente xustificadas: suspensión da cota de comedor	A partir do primeiro día do mes natural seguinte á data da ausencia. Duración da suspensión ata o primeiro día do mes natural no que teña lugar a reincorporación. Reincorporacións a partir do día 15 do mes, 50% da cota.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as nove hora e cincuenta e cinco minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coas sinaturas dixitais do Alcalde e da Secretaria accidental, que dá fe

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno de día 28.09.2022 segundo o borrador asinado o día 22.09.2022. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.

